

## ACTA NÚM. 9 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA BAÑA

LUGAR: casa do Concello da Baña

DATA: 26 de novembro de 2014

HORA DE COMEZO: 13:30 h en primeira convocatoria

HORA DE REMATE: 14:45 h

### ASISTENTES

Alcalde: D. José Andrés García Cardeso

Concelleiros:

D. José Manuel Landeira Liñares

D.<sup>a</sup> Alicia Blanco Sande

D. Manuel Tourís Fernández

D. Roberto Rial Calvo

D. Francisco Pazos Currais

D.<sup>a</sup> Sandra López Fernández

D.<sup>a</sup> Ana Paramos Cebey

D.<sup>a</sup> María Pilar Lema Silva

Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Olga Dourado González

### AUSENTES

Non asisten e xustifican a súa ausencia por motivos laborais:

D. Laurentino Arnejo Ínsua

D. José Domínguez Rey

### ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta anterior
2. Dar conta dos decretos da Alcaldía
3. Aprobación definitiva da nomenclatura numeración de Monte e A Baña (San Vicenzo)
4. Ratificación do acordo da Xunta de Goberno Local con data do 05/09/2014 sobre incorporación ao Inventario de bens do Concello da obra "Humanización das rúas Castelao, Rosalía de Castro e da praza do Concello (A Baña)"
5. Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a FEMP para intercambio de información e mutua colaboración administrativa
6. Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2015)
7. Dar conta do SRAU-9: acordos que procedan

8. Dar conta da sentenza núm. 262/14 recaída no procedemento abreviado núm. 15/09 por delito de prevaricación administrativa

9. Actuacións de control:

- Mocións
- Rogos e preguntas

## DELIBERACIÓN E ACORDOS

### 1. Aprobación da acta anterior

Apróbase a acta da sesión anterior que corresponde á ordinaria con data do 1 de outubro de 2014.

### 2. Dar conta dos decretos da Alcaldía

O Pleno queda informado das resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria realizada, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do RD 2568/86, do 28 de novembro, aprobatorio do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

### 3. Aprobación definitiva da nomenclatura numeración de Monte e A Baña (San Vincenzo)

Dáse conta do acordo adoptado polo Pleno da Corporación con data do 15 de maio de 2014 que deseguido se recolle:

#### **“3. Resolución reclamacións presentadas á numeración das parroquias de San Vicente da Baña e San Mamede de Monte**

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Urbanismo con data do 13 de maio de 2014 que deseguido se transcribe:

#### **2. Resolución reclamacións presentadas á numeración das parroquias de San Vicente da Baña e San Mamede de Monte**

Dáse conta do expediente tramitado para a nomenclatura das parroquias de Monte e A Baña que foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en data 29 de xaneiro de 2014, e que foi exposto ao público por prazo de un mes mediante anuncio inserto no BOP núm. 42 de 3 de marzo de 2014, prazo no que se presentou unha alegación subsrita por D.<sup>ª</sup> Inmaculada Ramos Vidal e D. Jesús Forján Silva, solicitando que se revisen as numeracións correspondentes as números 2, 4, 6, 8 e 10 da rúa Castelao de San Vicente da Baña.

A Comisión Informativa de Obras, Patrimonio e Persoal acorda, por unanimidade, propor ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Único.- Aceptar a alegación formulada por D.<sup>ª</sup> Inmaculada Ramos Vidal e D. Jesús Forján Silva, contra o acordo do Pleno de data 29 de xaneiro de 2014 e remitila á empresa PROCAT co obxecto de que proceda á adaptalo documento de numeración integrando a alegación formulada.”

Sometido o asunto a votación este resulta aprobado por unanimidade dos señores asistentes.”

A presidencia explica que a raíz das alegacións presentadas por D.<sup>a</sup> Inmaculada Ramos Vidal e D. José Manuel Forján Vieito, a empresa Procat procedeu a adaptar o documento de numeración integrando a alegación formulada e agora preséntase para a súa aprobación definitiva e que afecta aos núcleos de San Vicenzo da Baña e San Mamede de Monte.

A concelleira D.<sup>a</sup> Ana Paramos Cebey comenta que o seu grupo vai votar a favor pero quere deixar claro que os veciños de Monte non tiñan ningún tipo de información sobre a nova numeración.

A concelleira D.<sup>a</sup> Pilar Lema Silva manifesta igualmente que os veciños de Monte non estaban informados deste cambio na numeración.

Sometido o asunto a votación, este resulta aprobado por unanimidade dos señores asistentes que conforman a maioría absoluta do número legal de membros que de dereito compoñen a Corporación.

#### **4. Ratificación do acordo da Xunta de Goberno Local con data do 05/09/2014 sobre incorporación ao Inventario de bens do Concello da obra "Humanización das rúas Castelao, Rosalía de Castro e da praza do Concello (A Baña)"**

A Presidencia dá conta do ditame da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Urbanismo con data do 24 de novembro de 2014 que deseguido se transcribe:

"1. Ratificación acordo da Xunta de Goberno Local con data do 05/09/2014 sobre incorporación ao Inventario de Bens do Concello da obra "Humanización das rúas Castelao, Rosalía de Castro e da praza do Concello (A Baña)"

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local con data do 05/09/2014 que deseguido se transcribe:

##### **5. "Xustificación da obra Humanización das rúas Castelao, Rosalía de Castro e da Praza do Concello (A Baña)**

Tras ver a documentación presentada en relación coa execución da obra denominada Humanización das rúas Castelao, Rosalía de Castro e da Praza do Concello (A Baña), ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello da Baña para o financiamento da citada obra, por un importe inicial de 239.978,02 euros, que foron adxudicadas por un importe de 237.999,99 euros e executada pola empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L., a Xunta de Goberno Local ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar a factura, certificación de obra núm. 5 e última por importe de 26.056,51 euros, así como o seu pagamento ao contratista OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.

SEGUNDO. Aprobar a acta de recepción e recoñecemento da obriga da obra Humanización das rúas Castelao, Rosalía de Castro e da Praza do Concello (A Baña).

TERCEIRO. Autorizar a contía de 26.056,51 euros correspondente á certificación núm. 5 e última (así como ao importe total da adxudicación que é de 237.999,99), o gasto que para este concello representa a contratación referida con cargo á partida orzamentaria 453.619 do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercicio 2014.

CUARTO. Declarar que este Concello non ten concedido nin solicitado ningunha outra axuda para esta mesma finalidade, nin aprobadas, nin concedidas, nin pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes, nin doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

QUINTO. Aprobar a incorporación do ben ao Inventario de Bens do Concello da Baña no que se fará constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante o prazo de cinco anos e dar conta no vindeiro Pleno que se realice.”

A Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Urbanismo, con cinco votos a favor do Grupo Municipal Popular e dúas abstencións do Grupo Municipal Socialista, acorda, por unanimidade, proporlle ao Concello Pleno a ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data do 05.09.2014.”

Sometido o asunto a votación, este resulta aprobado por unanimidade dos señores asistentes que conforman a maioría absoluta do número legal de membros que de dereito compoñen a Corporación.

## **5. Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a FEMP para intercambio de información e mutua colaboración administrativa**

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Patrimonio e Persoal con data do 24 de novembro que deseguido se transcribe:

### **“Único: Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a FEMP para intercambio información e mútua colaboración administrativa**

Pola Alcaldía dáse conta do Convenio de colaboración entre o organismo autónomo xefatura central de tráfico e a federación española de municipios e provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa en materia de xestión de censos de condutores, vehículos e xestión tributaria do imposto de vehículos de tracción Mecánica (IVTM). A este Convenio Marco pode adherirse calquera concello interesado remitindo á Xefatura de Tráfico a súa solicitude de adhesión, tras a súa aprobación no Pleno.

A Comisión informativa de Contas, Patrimonio e Persoal, acorda, por unanimidade, proporlle ao Concello Pleno a adhesión ao Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a FEMP para intercambio información e mutua colaboración administrativa.”

O Alcalde explica que o que se pretende conseguir con este convenio de colaboración é facilitarles aos veciños resolver trámites administrativos en materia de vehículos sen a necesidade de desprazarse á Xefatura de Tráfico.

Sometido o asunto a votación, este resulta aprobado por unanimidade dos señores asistentes que conforman a maioría absoluta do número legal de membros que de dereito compoñen a Corporación.

## **6. Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2015)**

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Patrimonio e Persoal con data do 24 de novembro de 2014 que deseguido se transcribe:

### "2. Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2015)

O Alcalde fai unha exposición detallada das necesidades das vías públicas que se pretenden subsanar co POS 2015, igualmente manifesta que estas inversións se irán completando coas obras que se incluírán no PEIM. Continúa sinalando que tamén hai outros proxectos que se solicitan á Deputación; trátanse todos de actuacións de mantemento. Haberá outros Plans da Deputación que son para sanear endeudamento.

A Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Urbanismo, con cinco votos a favor do Grupo Municipal Popular e dúas abstencións do Grupo Municipal Socialista, acorda, propor ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2015 e a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

Denominación das obras	Deputación (€)	Concello (€)	Presuposto total (€)
Pav. V. P. en Arzón e Seoane-Castro	47.814,41	0	47.814,41

A ) Realización de obras:	Pav. V. P. en Troitosende, Lañas, Cabanas e Ordoeste	56.817,80	0	56.817,80
	Pav. V. P. en San Mamede e San Cibrán	48.915,57	0	48.915,57
	Pav. V. P. en Troitosende, Fiopáns e Paraxó	43.662,16	0	43.662,16
	Pav. V. P. en Corneira, Marcelle, Ermida e Gosende	41.445,46	0	41.445,46
	<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	238.655,40	0	238.655,40

p  
robar os proxectos das obras incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

B ) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00 €
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	0,00 €
<b>SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA</b>	0,00 €

C ) Resumo:

Denominación das obras	Deputación (€)	Concello (€)	Presuposto total (€)
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	238.655,40	0	238.655,40
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA</b>	0,00		0,00
<b>T O T A L</b>	238.655,40	0	238.655,40

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2015 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación das obras	Presuposto (€)
Pav. V. P. en Suevos e O Barro	40.711,59
<b>TOTAIS</b>	40.711,59

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2015 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2015 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente cordo e o correspondente expediente.”

A Presidencia explica as distintas actuacións que van ser levadas a cabo cos fondos do POS que se inclúen en cinco proxectos e un complementario; igualmente informa dos investimentos que se van incluír no Plan de melloras de camiños rurais (PEIM).

A Concelleira D.<sup>a</sup> Ana Paramos Cebej quere manifestar, en primeiro lugar, o noso descontento por non poder acceder á documentación ata o día da Comisión.

En canto ao tema das obras non estamos de acordo coas elixidas pois consideramos que están mal aproveitados os recursos e algunhas non son tan necesarias como outras obras que vimos solicitando pleno tras pleno e ninguén nos escoita.

Continúa sinalando que se deberían limpar as cunetas de todo o concello antes de facer asfaltados; en todos os lados vai auga pola estrada e non só cando chove, como sempre dicides, aínda hoxe en Fiopáns na estrada que vai cara ao Alde, xunto á casa do voso concelleiro de Lañas, estrada que vén cara á Baña está vindo a auga pola estrada abaixo. Consideramos que xa está ben de dicir que as estradas as desfán os tractores, os madeireiros, a choiva tan forte do outro día ou como dixeches nas comisións os cazadores, deixémonos de votar as culpas a outros e deberías pensar máis nos veciños da Baña e na súa calidade de vida.

O alcalde contesta que o saneamento está metido nun novo proxecto e agora está en fase de adxudicación; é moi difícil prever cando se realizan os investimentos conxuntamente.

Sometido o asunto a votación, este resulta aprobado por unanimidade dos señores asistentes que conforman a maioría absoluta do número legal de membros que de dereito compoñen a Corporación.

## **7. Dar conta do SRAU-9: acordos que procedan**

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Urbanismo con data do 24 de novembro de 2014 que deseguido se transcribe:

“3. Dar conta do SRAU-9: acordos que procedan

A Presidencia manifesta que a tramitación do SRAU 9 atópase neste momento na seguinte pauta procedimental: a Secretaría Xeral de Urbanismo emitiu un informe previo a aprobación definitiva no que se sinala a necesidade de corrixir unha serie de deficiencias; para isto a promotora presentou un documento que se remitiu a Axencia Galega de Infraestruturas, en data 06/11/2014 recibíuse o informe favorable ao citado documento.

A Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Urbanismo, con cinco votos a favor do Grupo Municipal Popular e dúas abstencións do Grupo Municipal Socialista, acorda, propor ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Único:** Requirir á promotora Mallóns Entrerríos, S.L. para que integre nun único documento o informe da Axencia Galega de Infraestruturas e mailo documento remitido para tal fin e proceda a corrixir os demais extremos sinalados no informe previo á aprobación definitiva do Plan de Sectorización SRAU 9 Duomes de Abaixo, do PXOM do Concello da Baña, remitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.”

Sometido o asunto a votación, este resulta aprobado por unanimidade dos señores asistentes que conforman a maioría absoluta do número legal de membros que de dereito compoñen a Corporación.

### **8. Dar conta da sentenza núm. 262/14 recaída no procedemento abreviado núm. 15/09 por delito de prevaricación administrativa**

O alcalde manifesta que hai que saber pararlle os pés á persoa que presenta insensateces xa que se está confundindo o touciño coa velocidade; o aval dos veciños deumo a democracia e agora está reafirmado pola xustiza. Estamos nunha época de crise de ética e de valores. Nesta vida estamos para axudarnos e non para matarnos. Eu quedei moi defraudado con moita xente aínda que tamén quedei moi satisfeito co comportamento doutra. O único condenado aquí é D. Enrique Vázquez Naveira por dúas denuncias: unha da empresa Corzán e outra por unha compañeira de Partido.

O alcalde le a Sentenza núm. 262/14 que deseguido se transcribe:

“SENTENCIA: 00262/2014  
Procedimiento Abreviado número 15/09  
Juicio Oral número 340/11

EL MAGISTRADO-JUEZ DEL JUZGADO DE LO PENAL NÚMERO DOS DE LOS DE CORUÑA, JOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ TAÍN, HA PRONUNCIADO LA PRESENTE:

#### **SENTENCIA NÚMERO 262/14**

En A Coruña, a 3 de noviembre de 2014

Vistos por mí, en juicio oral y público los autos de Procedimiento Abreviado 15/09 (Juicio Oral 340/11), procedente del Juzgado de Instrucción Número 1 de Negreira, por un delito de Prevaricación Administrativa, seguidos contra José Andrés García Cardeso, con DNI 33247290, mayor de edad, sin antecedentes penales, de



inacreditada situación económica y en situación de libertad provisional por esta causa, representado por el Procurador Sr. Calviño Gómez y asistido por el Letrado Sr. Blanco Ons, siendo parte acusadora el Ministerio Fiscal.

## **ANTECEDENTES DE HECHO**

PRIMERO. Las diligencias penales de referencia se incoaron por auto de fecha junio de 2007 que dictó el instructor, y fueron declaradas concluidas y elevadas a este Juzgado, en el que se señalaron para la celebración del juicio oral los días 22 de septiembre y el 14 de octubre de 2014, celebrándose en dita fecha con la asistencia de las partes y del acusado, practicándose en el mismo las pruebas propuestas y admitidas con el resultado que figura en el acta extendida por la Ilustre Secretaria.

SEGUNDO. En sus conclusiones definitivas, el Ministerio Fiscal solicitó la condena de los acusados en los términos de su escrito de calificación, con imposición de las costas procesales causadas. Las defensas, en el mismo trámite, solicitaron la libre absolución de los acusados.

## **HECHOS PROBADOS**

Valorada la prueba practicada en el acto del juicio oral, con arreglo a lo dispuesto en el artículo 741 de la Ley de Enjuiciamiento Criminal, cabe declarar como tales, que el día 16 de abril de 2007, D. Enrique Vázquez Naveira presenta escrito en la oficina del Censo Electoral denunciando presuntas irregularidades en el censo electoral de A Baña. Como consecuencia de dicha denuncia, la Oficina del Censo Electoral, con fecha 20 de abril remite oficio en el que requiere al Concello da Baña para que informe al respecto de las irregularidades denunciadas. Dicho escrito tarda entre 4 y 7 días en llegar por correo al Concello. Con fecha 7 de mayo, y no habiéndose recibido el informe en la oficina del Censo Electoral, se reitera la solicitud de informe con nuevo oficio, escrito de requerimiento que llega al Concello en fecha 14 de mayo. Con fecha 10 de mayo se había remitido por el Concello de A Baña informe en el que de forma sucinta se referían las razones por las que las personas reseñadas en la denuncia del Sr. Vázquez Naveira estarían correctamente empadronadas. Con fecha 11 de mayo de 2007 se remitió nuevo escrito de la Oficina del Censo Electoral al Concello de A Baña, en el que se le indica que el informe parece más una evasiva que una contestación, y se le requiere en los siguientes términos: “la normativa del padrón establece que si el Concello tiene constancia de la no residencia en el de personas que no figuran empadronadas, debe iniciar los trámites oportunos para corregir esta situación, incoando los expedientes de baja de oficio en el padrón municipal que procedan. Por este motivo se solicita que, por los medios de los que disponga el Concello, lleve a cabo estas comprobaciones y de cuenta a esta delegación provincial, **inmediatamente**, de las actuaciones llevadas a cabo en relación con aquellas personas para las que se compruebe que no residen en las direcciones en la que figuran escritos.”

Como consecuencia de dicho requerimiento, por el Concello de A Baña, mediante decretos del Alcalde, se inicia un expurgo del censo. El Alcalde, junto con el equipo de gobierno, revisando el censo electoral, marcan aquellas personas que posiblemente no residan en A Baña y se dictan decretos de la alcaldía acordando iniciar expedientes de expurgo. En dicho expediente se concede audiencia a la parte interesada y en caso de no justificar la vivienda y previo informe de la Oficina del Censo Electoral se dicta resolución. No se ha acreditado que dicho expurgo hubiera sido arbitrario, o que se hubieren dado bajas injustificadas. Al contrario, todas las bajas a que se hizo referencia en Juicio aparentemente tenían justificación.

## FUNDAMENTOS JURÍDICOS

PRIMERO. Los hechos declarados probados no son constitutivos de delito alguno. El Ministerio Fiscal retira en el acto de la vista el punto A) de su escrito de acusación, que era el relativo a supuestos retrasos o negativas a dar de alta a electores que habían solicitado su inclusión en el Censo de A Baña. Quedan así dos acusaciones. Una primera relativa a la contestación y actuaciones realizadas por el Concello frente a los oficios de la Oficina del Censo y una segunda acusación centrada en el expurgo realizado por el Concello.

Con relación a la primera de las acusaciones. Sorprende que la Fiscalía considere que realizar un informe respecto de si una decena de personas residen o no efectivamente en el Concello, y las circunstancias de su empadronamiento en el mismo, careciendo de medios personales específicos con el que hacerlo, realizar dicho informe decía, en unos diez días, sea excesivo o inadmisibles. Permítaseme recordar a la Fiscalía los plazos que usan para remitir sus informes, dada la carga de trabajo que soportan. Los datos necesarios para elaborar el informe requerían, o bien de un mínimo trabajo de campo o bien de un conocimiento directo. Pues bien, como ha quedado claro en el Plenario, el Concello de A Baña carece de Policía Local, de personal de campo, por lo que incluso una contestación en el tenor de “carecemos de medios para realizar el informe y se elaborará en la medida de nuestras posibilidades”, estaría justificado. Acudiendo a comunicaciones por correo con las personas sobre las que se solicitaban aclaraciones.

La Oficina del Censo solicita un informe y así se realiza. Puede considerarse somero, escueto o incompleto, pero reseña las personas denunciadas por el Sr. Vázquez Naveira y una vinculación de cada una de ellas con el concello. Dicho informe es considerado como insuficiente, o “evasivo” y la Oficina del Censo Electoral remite un comunicado de fecha 11 de mayo de 2007, por el que le recuerda al Concello la obligación de corregir la situación de personas censadas que no residan habitualmente en el lugar. La reacción del Concello ante dicho comunicado es comenzar de oficio procedimientos de baja del censo. No a dar de oficio a electores de baja en el censo, sino a iniciar de oficio el procedimiento correspondiente que es muy diferente. Pues se oye a las partes, se recaba el informe de la oficina y luego la baja. Es decir se sigue el procedimiento legalmente establecido.

No se acierta a comprender cuál es el actuar del acusado contrario a la norma. Quizás la Fiscalía considerase necesario que José Andrés García Cardeso saliese personalmente a comprobar el domicilio de las personas denunciadas o reseñadas y emitiese inmediato informe. Sin embargo a juicio de este Juzgador tal pretensión es excesiva. Tampoco se comprende que es lo extraño de la reacción del Concello en la realización de un expurgo. Cualquier Concello gallego del interior, tiene cientos, si no miles de personas censadas que habiendo nacido allí, mantienen su residencia por un vínculo sentimental o personal, aun cuando residan en una ciudad. Se inició un procedimiento en el que se dio audiencia a las partes, la oficina del Censo detectó irregularidades en muchas y solicitó información o documentación a éstas y solo en aquellas que se encontró justificado se dio la baja. No sólo se siguió el procedimiento legal, sino que interpretado de forma lógica. En los siguientes años se ha rebajado el censo de A Baña en unas mil personas. No se ha acreditado que dicha sustancial modificación haya afectado en modo alguno a los resultados electorales. Al contrario se incluyeron en la acusación un número muy mínimo de esos cientos de electores que se dieron de baja del Censo, y ni siquiera respecto de ellos se apreciaron irregularidades en el proceso. Tan ajustado a derecho fue el

procedimiento de expurgo, que incluso algunas de las personas respecto de las que se denuncia su baja arbitraria la propia Oficina del Censo en su día las consideró correctamente dadas de baja.

De todos los hechos denunciados, únicamente se pueden apreciar irregularidades en la situación censal de determinadas personas más o menos próximas al acusado, que aparentemente carecían de suficiente vinculación con A Baña, o carecían de residencia en dicho Concello. Pero tal hecho no es objeto de acusación pues constituye una irregularidad difícilmente subsumible en un tipo penal, que sea imputable al acusado, por cuanto el alta en el censo es inmediata una vez solicitada y acreditada residencia. Pero es que en el caso presente, una vez denunciada la situación que podría ser irregular, se regularizó la situación de todos los denunciados. En cuanto a que se iniciase por decisión unilateral del alcalde o del equipo de gobierno, no es extraño puesto que el Concello carecía de otras personas que pudiesen adoptar tal decisión, y dado el tamaño del Concello es comprensible que el acusado pueda conocer si los censados viven o no en el lugar.

De conformidad con una jurisprudencia reiterada del Tribunal Supremo STS 28/2014, de 23 de enero EDJ 2014/7519, con citación de otras muchas -los elementos del delito de prevaricación administrativa son los siguientes: en primer lugar, una resolución dictada por autoridad o funcionario en asunto administrativo; en segundo lugar, que dicha resolución sea contraria al derecho, es decir, ilegal; en tercer lugar, que esa contradicción con el derecho o ilegalidad, que puede manifestarse en la falta absoluta de competencia, en la omisión de trámites esenciales del procedimiento o en el propio contenido sustancial de la resolución, sea de tal entidad que no pueda ser explicada con una argumentación técnico-jurídica mínimamente razonable; en cuarto lugar, que ocasione un resultado materialmente injusto; y en quinto lugar, que la resolución sea dictada con la finalidad de hacer efectiva la voluntad particular de la autoridad o funcionario, y con el conocimiento de actuar en contra del derecho.

Salvando las irregularidades denunciadas por el Sr. Vázquez Naveira, que como se ha dicho no son objeto de Juicio, por retirarse la acusación respecto de las mismas. Recibida la comunicación del Censo Electoral en el Concello, se hizo lo único que se podía hacer. Es decir, el propio alcalde por sí mismo o consultando con la secretaria o el equipo de gobierno, repasaron qué personas estaban en la lista y que circunstancias personales se conocían de las mismas. Elaboraron un informe y lo remitieron en el plazo de una semana. Ningún delito se aprecia en tal comportamiento.

Pero es que abundando más en el delito denunciado. Frente a lo afirmado por la Acusación, el censo electoral estaba cerrado, por lo que la actuación del acusado no afectaba ya a las elecciones convocadas. No se aprecia la negativa pertinaz denunciada por la Fiscalía. Tampoco se aprecia en dicho actuar una infracción normativa ni una finalidad ilícita. El informe, o las actuaciones que se realizasen, ya no podían afectar a las elecciones.

Tampoco se aprecia en el expurgo posterior una actuación contraria a derecho. A la vista de lo que la Oficina del Censo requiere que se realicen las actuaciones necesarias para que el censo se corresponda con la realidad, el acusado marca en el censo aquellas personas que puedan carecer de residencia legal y se inicia el procedimiento, que incluye informe y audiencia. Dichas actuaciones se han prolongado hasta la actualidad con una rebaja en el Censo de unas mil personas. Se supone que la irregularidad denunciada se circunscribe a que sea el acusado e que

señale en el censo que personas podrían no residir en el Concello, pero lo cierto es que no existía una persona específica entre el personal que pudiera hacer dicha selección. Selección que por otra parte solo era para iniciar el trámite, no para dar la baja.

En resumen, ni se aprecia en las actuaciones posteriores a la denuncia del Sr. Vázquez Naveira, irregularidad alguna, ni infracción de Ley, ni resolución injusta que pueda subsumirse en el tipo por el que sostenía la acusación. Y se reitera que las actuaciones anteriores relativas a la constancia en el censo de A Baña de determinadas personas cercanas alcalde, no son objeto de juicio.

SEGUNDO. El artículo 240 de la Lei de Enjuiciamiento Criminal ordena la declaración de oficio de las costas procesales cuando la sentencia resultare absolutoria.

Vistos los preceptos legales citados y demás concordantes de general y pertinente aplicación.

FALLO

Que debo ABSOLVER y ABSUELVO a José Andrés García Cardeso de los cargos contra el formulados, declarando de oficio las costas procesales causadas.

Notifíquese esta Sentencia al Ministerio Fiscal, y a las partes personadas, haciéndoles saber que la misma no es firme y que, contra ella, podrá interponerse RECURSO DE APELACIÓN que deberá formalizarse mediante escrito presentado ante este Juzgado en el plazo de cinco días, contados a partir del día siguiente a la Notificación de esta Sentencia, que se sustanciará conforme a lo previsto en los artículos 790 a 792 de la Lei de Enjuiciamiento Criminal y del que conocerá la Ilustrísima Audiencia Provincial de A Coruña (Artículo 803 LECRIM).

Así por esta mi Sentencia lo pronuncio, mando y firmo.”

O Pleno da Corporación queda informado do contido da presente sentenza.

## **9. Actuacións de control:**

### **-Mocións**

Non se presentaron para a súa aprobación.

### **-Rogos e preguntas**

O alcalde responde as preguntas formuladas polo Grupo Municipal Socialista no Pleno ordinario con data do 01/10/2014:

**1. O Grupo Municipal Socialista quere mostrar o seu molestar por non dicir toda a verdade en canto a cambiar a data do Pleno ordinario , non discutimos que houbera cursos tamén, pero cremos que a realidade da modificación foi**

**o xuízo por prevaricación e fraude por presunta manipulación do censo que se levou a cabo a semana pasada.**

Dixen toda a verdade e nada máis que a verdade do cursos da EGAP. Reitero a notificación do Xulgado para o xuízo da Coruña que foi o 8 de agosto. Invítoos a que acceda ao libro de rexistro de exhortos do xulgado, para que saiba a verdade. A concelleira debíao saber pois a súa parella foi notificado nesa data.

**2. Solicitamos que se revisen os sinais de tráfico, así como as sinalizacións das aldeas ou parroquias en mal estado.**

Demos as ordes oportunas para revisar todos os sinais: tráfico, sinais orientativos e de situación xa que algúns están inclinados ou tirados.

**3. Limpeza dos espellos e reposición dos que están en mal estado, así como a colocación de novos puntos para facilitar a incorporación ás estradas, xa que hai veciños que nos comentan que o solicitan no Concello e non se fai caso, exemplo en San Cibrán xunto á casa de Grille ou unha curva onde se entra en San Cibrán que hai chalés.**

Cando se fai a pregunta débese saber de que se fala, pois en San Cibrán o terreo é da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

**4. Aproveitando que hai un obradoiro de xardinería e se contratou novo persoal, consideramos que se debería adecentar o seto que pon "CONCELLO DA BAÑA" xa que dá vergoña o seu estado e di moito de quen goberna neste Concello e o interese por este, así como a limpeza do camiño de Monelos ata o río, demanda que nos trasladan os veciños para poder pasear.**

Unha imaxe vale máis que mil palabras. As actuacións na área recreativa, incluída onde está a sebe que pon Concello da Baña, así como a área recreativa de Lañas, Fiopáns, están dentro do proxecto de actuación Obradoiro de Emprego Barcala-Dubra. A limpeza realizouse no camiño de Monelos, o que non estaba previsto é que algúns veciños tirasen as ramas para o camiño.

**5. Seguimos rogando que limpen as cunetas e que non se deixen para o ano que ben.**

As obras de limpeza das cunetas a que se refire neste punto están adxudicadas e polo tanto empezarán os traballos de inmediato. Pero hai que seguir o trámite administrativo regulamentario e que as condicións metereolóxicas o permitan.

**6. Fontes sen adecentar: e seguides sen escoitarnos, nin facernos caso, exemplos como a de Duomes que perde auga por todos os lados ou a de Seilán que non bota auga entre outras.**

Escoitamos, actuamos e poñemos en marcha as actuacións pertinentes nas diversas fontes do Concello. Hai inventariadas máis de 100 fontes públicas. En concreto na do Seilán fixemos moitas actuacións para que bote auga polas 2 fontes.

**7. Quería saber se o alcalde ou algún concelleiro pasou por Cabanas pois a praza dá vergoña e trátase dunha obra recente.**

O alcalde e algún concelleiro pasaron por Cabanas e a praza non ten ningún problema. Fago a invitación a calquera salvo cando chove moito e nace a auga. Este problema vaise arranxar coa actuación prevista no POS 2015, vaise botar formigón e facer a drenaxe adecuada.

**8. Queríamos saber que se fixo co mobiliario da praza de San Vincenzo que aínda estaba en bo estado.**

O mobiliario da praza de San Vincenzo e da rúa Castelao está nas dependencias do Concello pois estiveron facendo labores de mantemento (vernizar papeleiras e as xardineiras) cunha actuación do Obradoiro de Emprego Barcala-Dubra. Están na nave para comprobar.

**9. Gustaríanos saber tamén que medidas se están tomando en canto ás obras das beirarrúas que se fixeron hai pouco por que xa se están levantando por varias roturas de augas e de novas canalizacións.**

As obras de beirarrúas están perfectamente realizadas e sen problemas salvo unha rotura dunha tubaxe particular á altura da casa de Fernando Pose.

**10. Por que non se informa a oposición cando se inaugura unha obra e temos que informarnos por un cartel ou polos medios de comunicación.**

Non houbo ningunha inauguración da praza nin das beirarrúas, pois ese estilo practícano outras organizacións. Só se puxo un cartel indicativo pois o inclúe o prego do convenio asinado coa Deputación. Así se fixo en Guende, Vesía, A Baña e obras realizadas en distintas parroquias do Concello.

**A Concelleira D.<sup>a</sup> Ana Paramos Cebey formula as seguintes preguntas para que lle sexan contestadas no próximo Pleno ordinario:**

1. Que se revisen as beirarrúas que se están levantando as plaquetas, é una vergoña que unha obra rematada hai dous meses xa estea dando problemas, consideramos que se debe actuar e non deixar pasar a garantía.

2. Cando se fai unha actuación como a que o venres se fixo con motivo do magosto que se estude a que público vai dirixido posto que a nós parécenos xenial que se integre a todo o mundo, que se dea máis difusión pois moitos nenos do colexio non o souberon e hai que pensar nos horarios pois unha actuación ás 8:30 da tarde para o público infantil consideramos que é moi tarde.

3. Na aldea de Vilacova hai como unha rotonda que se estivo recortando e tirando o escombros na beira da estrada, consideramos que se debía de revisar iso, non sei se o fixo o Concello ou algún particular pero non todo vale.

Nesta pregunta resposta a Alcaldía que a actuación a fixo o Concello pero non tirou o entullo xa que ten que ir a un xestor autorizado. Continúa sinalando que quen tira as ramas no camiño de Monelos é D. Enrique Vázquez Naveira.

4. Aproveitando as subvencións da Deputación deberíase asesorar e tramitar axudas para todas as asociacións de veciños; sei que Nagore está facendo un excelente traballo neste sentido pero deberíase insistir máis para así ir mellorando os locais sociais, pois algúns están feitos un desastre como o da parroquia do Alcalde que moito se lle enche a boca en dicir que é da Baña e que moito quere A Baña e o local social da súa parroquia segue con cristais rotos e en condicións lamentables. Ao fin e ao cabo son pequenas cousas que non terían que supoñer cartos para o Concello e mellorarían as instalacións municipais e a calidade de vida dos veciños.

5. A subida cara a Vilela debería considerarse para algúns dos plans de asfaltado, coa choiva baixa toda a auga por alí e está desfeita.

6. Rogamos que cando se limpe unha aldea por unha comida privada sexa quen sexa non se desprezie o resto da aldea por ter limpa a casa dos pais da concelleira; que sexa para todos igual, que os veciños non son tontos e non merecen que cos seus impostos sexan discriminados así, e a brigada municipal non deberían estar para facer favores persoais.

A Presidencia resposta que se limpou a vía pública e non a propiedade privada. A concelleira D.<sup>a</sup> Sandra López reitera que dentro do terreo propiedade da súa familia a Brigada Municipal non limpou nada.

7. Na obra en Troitosende do POS, xunto á igrexa deberíades considerar facer algo coa esterqueira que está ao lado dos panteóns que non dá moi boa imaxe da parroquia.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematado o acto, do que estendo a presente acta, que asina o alcalde e eu, secretaria-interventora, que dou fe.

A secretaria-interventora

O alcalde